

GUÍA PARA EMPRENDER



ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL MARIÑAS-BETANZOS.

PROGRAMA LEADER GALICIA 2007-2013

<http://gdr29.blogspot.com>

leadermarinasbetanzos@gmail.com

Tlf.-981-669532 // Fax: 981-673574

ÍNDICE:

- 1.- A ASOCIACIÓN MARIÑAS-BETANZOS. OBXECTIVOS.
- 2.- TERRITORIO INCLUIDO NO PROGRAMA LEADER 2007-2013.
- 3.- TIPOS DE AXUDAS.
- 4.-BENEFICIARIOS TITULARES DOS PROXECTOS.
- 5.-TIPOLOXÍA DE ACTUACIÓN SUBVENCIONABLES.
- 6.-PORCENTAXES E LÍMITES DAS AXUDAS.
- 7.-DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR PARA SOLICITAR A AXUDA.
- 8.-PROCEDEMENTO DE XESTIÓN DA AXUDA.
- 9.-XUSTIFICACIÓN DO INVESTIMENTO E PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.
- 10.-MODIFICACIÓNS NO CONTRATO DE AXUDA

Información para os Promotores

1.-A ASOCIACIÓN G.D.R. MARIÑAS-BETANZOS. OBXECTIVOS

A Asociación "Grupo de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos" é unha asociación sen ánimo de lucro que se constitúe o 23 de xullo de 2008 co obxecto de servir de núcleo de integración e representación dos diferentes axentes territoriais, institucionais, sociais e económicos, tanto públicos como privados, interesados en promover o desenvolvemento do territorio de actuación, para acadar os seguintes fins:

a) Vertebrar os diferentes sectores socioeconómicos e constituír un foro de debate continuo sobre os problemas da zona, prestando especial atención aos mozos, ás mulleres, persoas con discapacidade e colectivos de difícil inserción sociolaboral, así como á protección do ambiente e á creación de emprego.

b) Sensibilizar s administracións locais, autonómica e estatal, así como ás institucións comunitarias europeas, canalizando as demandas da poboación do territorio, co obxecto de optimizar o aproveitamento dos recursos endóxeos da zona de cara ao seu desenvolvemento harmónico e integral.

c) Ser centro receptor e distribuidor de toda a información relativa ao desenvolvemento socioeconómico do medio rural, tanto a nivel nacional como internacional, centrándose esta labor principalmente no coñecemento dos recursos e promoción de proxectos.

d) Posibilitar entre os asociados e outros interesados o intercambio de experiencias e metodoloxías de animación e desenvolvemento socioeconómico.

e) Potenciar, revalorizar e preservar os recursos naturais, culturais, históricos e artísticos do territorio.

f) Concienciar á poboación da necesidade de protexer o ambiente e o contorno rural, e tomar parte activa niso, mediante actividades orixinais e innovadoras.

g) Formular e transmitir á poboación a estratexia adecuada para lograr o desenvolvemento da zona, así como promover a súa aplicación.

h) Articular unha dinámica de participación que facilite o desenvolvemento tanto social como económico.

2.-TERRITORIO INCLUIDO NO PROGRAMA LEADER 2007-2013 MARIÑAS-BETANZOS

A Asociación Grupo de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos ten como ámbito territorial os termos municipais de Abegondo, Aranga, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Cesuras, Coiros, Culleredo, Miño, Irixoa, Oleiros, Oza dos Ríos, Paderne e Sada, na provincia de A Coruña.



3.-TIPOS DE AXUDAS.

Establécense dous tipos de axudas seguindo o obxectivo que persigan:

3.1. Actividades e inversións de carácter productivo: terán como obxectivo a xeración de ingresos mediante a valorización do patrimonio natural e cultural e a mellora do entorno económico.

Actividades productivas.

Serán subvencionables os seguintes proxectos:

- a) De nova creación (creación de emprego mínimo 0,25 empregos).
- b) De ampliación.
- c) De modernización: A diversificación da produción dun establecemento en novos produtos adicionais ou un cambio esencial no proceso de produción dun establecemento existente.

3.2. Actividades e inversións non productivas:

A.-) Inversións non produtivas relacionados coa mellora ambiental e o contorno rural con investimentos que non dean lugar a un aumento significativo do valor ou da rendabilidade das explotacións agrarias ou forestais.

B.-) Inversións non produtivas vinculados ao fomento de actividades turísticas, servizos para a economía e a poboación e renovación e desenvolvemento de poboacións rurais e conservación e mellora do patrimonio rural. Para estes efectos, terán a consideración de proxectos non produtivos aqueles que non supoñan o inicio ou o desenvolvemento dunha actividade económica e/ou non estean afectos a unha actividade económica. Tamén os proxectos de interese público que, aínda constituíndo unha actividade económica, non incidan sobre o réxime de competencia no concello de que se trate e sempre que estean promovidos por unha entidade pública local ou unha entidade sen ánimo de lucro.

Tipoloxía de proxectos non produtivos:

- ▶ Servizos de igualdade e benestar á poboación: centros de inclusión e emerxencia social, centros de integración, inserción ou inclusión socio laboral para discapacitados, escolas infantís, centros de maiores no dependentes (pisos tutelados, vivendas comunitarias, centros de día
- ▶ Servizos de transporte adaptados en áreas de baixa densidade de poboación.
- ▶ Implantación de TICs no medio rural (telecentros, aulas de informática, plataformas dixitais.)
- ▶ Actuacións de recuperación patrimonial, paisaxística e etnográfica (actuacións ambientais, aulas de natureza, centros de interpretación, museos, intervencións arqueolóxicas, recuperación de construcións de interese arquitectónico, social ou cultural.
- ▶ Centros de promoción de recursos ou puntos de información turística.

- ▶ Rehabilitación e equipamento de edificios destinados a locais sociais.
- ▶ Infraestrutura de lecer: ludotecas, áreas recreativas, parques ou espazos de ocio.
- ▶ Instalacións deportivas, instalacións hípicas ou cinexéticas.
- ▶ Participación en certames, eventos, feiras, edición de libros, mapas, guías, páxinas web e concursos vinculados á valorización dos recursos do territorio.
- ▶ Señalización de recursos turísticos, eventos de difusión ou estudos vinculados á valorización dos recursos do territorio.

4.-BENEFICIARIOS TITULARES DOS PROXECTOS.

Poderán solicita-las axudas: persoas físicas, empresarios individuais, Sociedades Mercantís, Sociedades Agrarias de Transformación, Cooperativas, Sociedades Laborais, comunidades de montes e mancomunidades formadas por aquelas e calquera outra entidade con personalidade xurídica recollida na lexislación vixente, así como as Entidades públicas de carácter local.

5.-TIPOLOXÍA DE ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES.

Os proxectos subvencionables ó abeiro desta convocatoria deberán enmarcarse dentro das medidas do programa do “G.D.R. Mariñas-Betanzos” e a continuación se detallan posibles actuacións:

1.-Dinamización do sector agrario e forestal (medida 4.1.1):

▶ Mellorar a xestión das explotacións agrícolas:

- Inversións para reducir a factura enerxética das explotacións.
- Inversións para introducción de TIC,s e novas tecnoloxías nas explotacións.
- Inversións productivas para incremento da base territorial das explotacións de acordo cos supostos e ámbito de actuación do réxime de axuda.
- Inversións para experiencias piloto de depuración e valorización de subproductos agrícolas e gandeiros.

▶ Diversificar as producións agrarias, gandeiras e forestais:

- Inversións para recuperación de variedades locais e tradicionais. Exemplo: trigo do país, centeo, vides, frutais, ecotipos hortícolas (repolo, cebola chata da comarca de Betanzos), galiña piñeira...
- Inversións para incorporación de novas producións (cogomelos...).
- Inversións para incorporación de novas técnicas de enoloxía e produción de queixo...
- Inversións para introducción do cultivo de lúpulo.

- Inversións para a produción de planta ornamental e forestal da acordo cos supostos e ámbitos de actuación do Réxime de axudas.
- Inversións productivas para a caracterización xenética da raza do coello galego de monte que estean de acordo cos supostos e ámbito de actuación do Réxime de axudas e da Ficha de Elixibilidade.
- Inversións para producir prantas aromáticas, culinarias e medicinais.
- Inversións para introducción de producións ecolóxicas de acordo cos supostos e ámbitos de actuación do Réxime de axudas.

► **Aproveitar terras improproductivas:**

- Incentivos para establecemento de producións ecolóxicas en zonas Rede Natura 2000 da acordo cos supostos e ámbitos de actuación do Réxime de Axudas.

► **Incorporar mozos e mulleres á actividade agraria:**

- Inversións para posta en marcha de polígonos agrícolas.

► **Aumentar o valor engadido das superficies forestais:**

- Inversións para os acordos de custodia do territorio que estean de acordo cos supostos e ámbitos de actuación do Réxime de axudas e da Ficha de Elixibilidade.
- Inversións para aproveitamentos silvo-postorís no monte.
- Inversións para aproveitamentos complementarios do monte.
- Axudas e infraestructuras para o aproveitamento da biomasa forestal.
- Incentivos para a mellora do prezo de venda da madeira (procesado no monte, Certificación forestal clasificación, fomento da transparencia no mercado).
- Inversións cara ao aproveitamento turístico da caza e das actividades cinexéticas.
- Inversións para recuperación e rexeneración dos bosques autóctonos, só actuacións singulares que estean de acordo cos supostos e ámbito de actuación do Réxime de Axudas e da Ficha de elixibilidade.

► **Aumentar o valor engadido dos produtos agrarios, gandeiros, e forestais.**

- Inversións para agrupación das producións agroforestais e a súa comercialización en común mediante circuitos curtos, baixo unha denominación de Marca de calidade.
- Inversións materiais encamiñados á reducir a pegada climática según réxime de axudas e fichas de elixibilidade.
- Modernización de adegas integradas en Viño de Terra de Betanzos e preparación para a venda directa.
- Inversións para incorporación de innovación ós sectores e mellorar a eficiencia enerxética.
- Inversións para introducción de melloras na calidade e trazabilidade dos produtos.
- Proxectos de cooperación entre produtores agrarios e forestais, empresas de transformación e comercialización para desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías.

2.-Mellora medioambiental e do contorno rural (medida 4.1.2):

► Conservación e mellora da paisaxe:

- Recuperación de elementos históricos, naturais, culturais e patrimoniais representativos da paisaxe do territorio, segundo a réxime de axudas e as fichas de elixibilidade.
- Catalogación e valorización da paisaxe do territorio.
- Rexeneración de bosques de interese ambiental.
- Inversión para mellora de xestión ambiental dos montes e de espazos de interese ambiental.

► Recuperación biótica de ríos e espazos ligados a cauces fluviais:

- Rexeneración de bosques de ribeira e humedais.
- Actuacións de cara a identificar e controlar os emisarios contaminantes nas fontes e cauces fluviais.
- Limpeza e adecuación dos cauces fluviais.
- Accións de conservación da diversidade da fauna e flora en lugares de alto valor natural.
- Recuperación de fontes, mananciais e muíños, así como de camiños ligados ós cauces fluviais.

► Mellorar a xestión dos espazos naturais:

- Inversións non productivas para a elaboración plans de xestión, e posta en marcha da xestión dos espazos con figuras de protección ambiental, seguimento do estado de conservación ordenar e visibilizar medidas de participación e uso Público nos modelos e actuacións de xestión dos Espazos Naturais.
- Eliminación de flora exótica e actividades de recuperación de especies autóctonas nos Espazos na Rede Natura 2000...
- Identificación e eliminación de flora e fauna invasora e posta en valor de humedais e marismas, noutros espazos naturais.
- Minorización da fauna autóctona e actividades de recuperación dos espazos naturais da Rede natura...

► Fomentar o uso social, educativo e recreativo do territorio:

- Creación de parques de interese botánico.
- Inversións en Monte Veciñais en Man Común para o uso social segundo o réxime de axudas e ficha de elixibilidade...

► Mellorar a sostenibilidade global do territorio e mellorar o coñecemento do entorno natural:

- Realización de Bases de datos ambientais da comarca e banco de recursos. Plan piloto de recuperación hábitats.

- Inversións non productivas ou melloras en centros de interpretación, enmarcadas a sensibilización e divulgación medio ambiental no territorio... segundo o réxime de axudas e ou ficha de elixibilidade.
- Inversións en Monte Veciñais en Man Común para o uso social segundo o réxime de axudas e ficha de elixibilidade.
- Inversións a favor de medidas de sustentabilidade na mobilidade, segundo o réxime de axudas e ficha de elixibilidade.

► **Investimentos non productivos en explotacións agrarias:**

- Accións para eliminar os impactos ambientais das actividades agrarias (xestión de residuos, filtración a cauces, instalacións de filtros verdes en pastizais.
- Recuperación da cultura popular do territorio.

3.-Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida (medida 4.1.3):

► **Xeración de emprego mediante a creación, ampliación e modernización de PEMES, en sectores distintos ó da actividade agraria.**

- Creación de servizos de apoio ó I+D+I empresarial e para a xestión do crecemento das empresas.
- Incentivos para creación de emprego; inversións para a modernización da 1ª e 2ª transformación da madeira.
- Actuación para o fomento da cultura emprendedora entre mozos e mulleres especialmente.
- Incentivos e programas para a incorporación de innovacións nas empresas.
- Inversións para a inserción laboral de discapacitados.
- Apoio á creación de Centros Especiais de emprego.
- Incentivos para mellora da xestión ambiental das empresas e aplicación do empresarial a través da posta en marcha de medidas de Responsabilidade Social Corporativa.

► **Fomento das actividades turísticas ligadas ó medio natural.**

- Apoio á creación, mantemento e divulgación de pequenas infraestruturas temáticas (puntos información, observatorio aves, etc..)
- Creación de roteiros gastronómicos e temáticos sobre actividades agroforestais: Ruta do Viño, Queixo, Pan de Carral, Viveiros.
- Creación roteiros culturais, ambientais, etnográficos, patrimoniais...
- Actuacións para a posta en valor da cultura castrexa e megalítica. Recuperación de camiños tradicionais.
- Creación de paquetes turísticos coa oferta do territorio.

► **Apoio e incentivos á creación de servizos para a economía e a mellora da calidade de vida da poboación rural.**

- Apoio á creación e xestión de "Bancos de Tempo".

- Apoio á implementación de servizos no medio rural.
- Actividades culturais e de lecer... para concienciar sobre a igualdade de oportunidades no territorio segundo o réxime de axudas e ficha de elixibilidade.

► **Fomentar a renovación e desenvolvemento de poboacións rurais e a conservación do patrimonio rural.**

- Actividades culturais e de lecer dirixidas ao fomento da cultura propia do territorio.
- Accións de mellora do patrimonio rural.
- Accións para o mantemento e recuperación de sistemas silvopastorís en MVMC e UXFOR sen finalidade produtiva.

► **Mellorar a formación dos emprendedores**

- Seminarios de formación específica a emprendedores.

► **Diversificación das explotacións agrarias cara actividades non agrarias.**

- Axudas para a elaboración e venda de produtos agrarios e artesanais en circuítos curtos.
- Mellora das instalacións nas explotacións agrarias para ofrecer servizos turísticos complementarios ao aloxamento.
- Incentivar o xurdimento de servizos educativos, culturais, recreativos e ambientais asociados á valorización do patrimonio natural e cultural ou a ecosistemas agrarios e forestais; e incentivos para o xurdimento de servizos ás explotacións.

► **Fomento da “Cultura da innovación” no territorio.**

- Inventarios de oportunidades empresariais no territorio.
- Accións de transferencias de investigacións en marcha, tanto agrícolas (CIAM), como forestais (CIS-Madeira).

► **Mellorar o “capital social” no territorio.**

- Inversións; actividades culturais e de lecer, que servan para mellorar a gobernanza do territorio segundo o réxime de axudas e a ficha de elixibilidade.

► **Mellorar e fortalecer o asociacionismo e a cooperación entre axentes do forestal e agrario para a creación de redes.**

- Implantación de servizos, actividades culturais e de lecer... para fomentar o asociacionismo e a cooperación segundo o réxime de axudas e a ficha de elixibilidade.
- Implantación de servizos, actividades culturais e de lecer, vinculada á mellora dos sectores productivos do territorio...segundo o réxime de axudas e a ficha de elixibilidade.

6.-INTENSIDADE E LÍMITES DAS AXUDAS.

O importe da subvención calcularase coma unha porcentaxe sobre o orzamento do investimento subvencionable.

Para as **actuacións PRODUCTIVAS** a porcentaxe de subvención oscilará entre o 25% e o 45% (excepcións: no sector agrario cando o promotor sexa un agricultor non mozo e o proxecto se desenvolva fora das zonas desfavorecidas ou de montaña a porcentaxe máxima acada o 40%. Cando o promotor sexa unha empresa intermedia que leve a cabo proxectos de transformación e comercialización de produtos agrarios a porcentaxe oscilará entre o 15% e o 25%).

Para as **actuacións NON PRODUCTIVAS**, a porcentaxe de subvención oscilará entre o 30% e o 100%

Considerarase como motivo de exclusión para os proxectos, obter menos de 30 puntos.

A axuda pública total por proxecto productivo, non poderá superar os 250.000.- € para os proxectos de dinamización do sector agrario e forestal (medida 4.1.1); e os 200.000.-€ para os proxectos de diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida (medida 4.1.3). (cláusula del minimis: 200.000.-€).

* Ver anexo Criterios de Baremación.

7.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR PARA SOLICITAR A AXUDA:

► Non se poderá incluír gastos con data anterior á realización da acta de non inicio ou da presentación da solicitude de axuda nos proxectos que non requiran acta de non inicio.

► Todos os documentos normalizados se facilitarán no G.D.R-29 ou poderán ser descargados da web.

1.-A Solicitude de Axuda deberán presentarse en triplicado exemplar mediante modelo de solicitude normalizado.

2.-Resumo do proxecto en documento normalizado. Débese acompañar unha memoria descritiva do proxecto referida á situación de partida, obxectivos perseguidos e metodoloxía de traballo. Nesta memoria se recollerá a seguinte información:

► Descrición das actuacións e dos investimentos a desenvolver, así como a contribución da iniciativa ó desenvolvemento da zona (impactos positivos na comarca).

► **Orzamento de gastos**, desagregando partidas, número elementos e prezos unitarios. Diferenciado as achegas en especie. (modelo normalizado). Presentación de tres ofertas de distintos provedores cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de

30.000.-€ no suposto de obra ou os 12.000.-€ en subministración de bens de equipamento ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica.

► Os **proxectos produtivos deberán presentar un Plan de Empresa** (modelo normalizado), coa xustificación da viabilidade económica financeira para un período de 5 anos. Os **proxectos non produtivos teñen que presentar un Plan de Xestión** (modelo normalizado).

► Se a iniciativa contempla a realización de obra civil, presentarse un proxecto realizado por un técnico competente e visado polo Colexio Oficial correspondente.

► Outra información necesaria a incluír na memoria :

- Nome socios/as. Forma xurídica do promotor/ra.
- Características do promotor/ra ou dos socios/as do promotor/ra (muller, mozos/as menores de 40 anos, discapacitados, inmigrantes, persoas integradas nun Programa de reinserción social, maiores de 55 anos...).
- Descrición do proxecto. Localización e resumo dos investimentos a realizar.
- Destinatarios do proxecto (tipoloxía de usuarios dos servizos e número destes).
- Usos previstos distinguindo, de ser o caso, os que sexan gratuítos daqueles outros polos que se prevexan ingresos.
- Obxetivos e finalidade do proxecto.
- Estudio do prezo de custo e venda do produto.
- Dispoñibilidade dos inmobles para realizar a inversión.
- Creación de emprego (autoemprego ou contratación de persoal). Especificar as seguintes características: persoal feminino, mozos menores de 40 anos, inmigrantes, maiores de 55 anos, discapacitados, maiores de 55 anos, parados de longa duración (máis de ano e medio apuntado no INEM).
- Especificar o nome da entidade singular de poboación ou núcleo de poboación onde se vai a desenvolver o proxecto.
- Recursos económicos dispoñibles e necesarios para a financiación do proxecto (financiación propia e financiación allea).
- Innovación que representa o proxecto no territorio.
- Compromiso do uso do idioma galego no desenvolvemento do proxecto.
- Especificar se o proxecto consiste nunha modernización, ampliación ou nova creación.
- Utilización de insumos-provedores do territorio na realización da inversión (porcentaxe da inversión).

- Utilización ou non de enerxías renovables ou técnicas eficientes de baixo consumo enerxético.
- Incidencia medioambiental do proxecto: prevención de incendios forestais, recuperación de entornos degradados e mellora dos recursos hídricos.
- Capacidade de arrastre do proxecto sobre a economía da zona e outros impactos sobre o territorio.

3.- Outra documentación a presentar (orixinal ou copia compulsada):

A).- Documentación acreditativa da personalidade do solicitante (NIF, DNI, CIF). De ser o caso documentación acreditativa da personalidade do representante e da acreditación da representación.

B).- Xustificación da dispoñibilidade dos inmobles para realizar a inversión sobre os bens onde se pretende actuar, por unha duración mínima que comprenda o período de execución do proxecto e os cinco anos posteriores. (**Título de Propiedade, Contrato de aluguer, Recibo IBI**)

C).- Autorización ao GDR Mariñas-Betanzos para solicitar o certificado de estar ó corrente de tódalas obrigas fiscais coa Axencia Tributaria e coa Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, e as obrigas coa Seguridade Social

D).- Permisos, autorizacións, inscricións e/ou calquera outros requisitos que sexan esixibles pola Comunidade Autónoma ou Municipio para o tipo de mellora ou actividade de que se trate. Esixible en todo caso no momento da sinatura do contrato de axuda, abondando no momento da solicitude de axuda cunha certificación do Servicio Municipal de Urbanismo correspondente que acredite que o proxecto se adecúa á normativa local e autonómica (Informe Municipal de Viabilidade Urbanística)

E).- Escritura de constitución e dos **estatutos** sociais da persoas xurídicas.

F).-Declaración censual tributaria (**modelo 036 ou 037**), ou compromiso de comunicar o inicio á AEAT cando o proxecto supoña o inicio dunha actividade empresarial.

G).- Documentación acreditativa de PEME, microempresa ou Empresa Intermedia. Últimas contas depositadas no rexistro correspondente e/ou última memoria anual de actividades aprobada pola entidade. Tamén pode presentarse as declaracións do IVE e o imposto sobre sociedades do exercicio anterior para a súa comprobación. Informe da vida laboral da empresa

emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, referido ao ano anterior ao da presentación da solicitude así como os recibos de pagamento dos autónomos da empresa.

H).-Documentación acreditativa de que o **IVE** é efectivamente **soportado** polo beneficiario, cando poida ser subvencionado.

I).- Declaración doutras axudas concedidas e/ou solicitadas a outras entidades públicas e/ou privadas para o mesmo proxecto.(Documento normalizado).

J).- Código de explotación agraria no suposto de investimentos no sector agrario.

K).-Certificación da entidade financeira onde conste a identificación da conta bancaria do promotor.

L).-Compromiso de respectar o destino do investimento, alomenos, durante os cinco anos seguintes á certificación de finalización de obra ou investimento, agás que exista lexislación específica máis restrictiva ó respecto.

LL).-Compromiso do promotor de ter a disposición do GAL, da Comunidade Autónoma, do organismo intermediario, da Comisión da U.E., e dos órganos de control establecidos, durante os cinco anos posteriores á certificación do proxecto, toda a documentación necesaria para verificar o investimento ou gasto.

M).-Declaración xurada de compromiso de xeración ou mantemento de emprego.(Modelo normalizado).

8.-PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN DA AXUDA

A dirección de Agader resolverá sobre a concesión ou denegación da axuda. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de 9 meses, a contar desde a data da presentación da solicitude de axuda no rexistro da Asociación Mariñas-Betanzos.

O período máximo de execución e de xustificación dos gastos e investimentos do proxecto é de 18 meses dende a sinatura do contrato. Antes da súa finalización poderá solicitarse unha prórroga.

9.-XUSTIFICACIÓN DO INVESTIMENTO E PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

Efectuados os investimentos ou realizado o proxecto, o promotor comunicará a súa terminación ao “G.D.R. Mariñas-Betanzos”, que verificará tanto material como documentalmente, a realización dos investimentos e a efectividade do gasto.

A verificación material asegurará a existencia real dos bens obxecto de comprobación, o seu axuste ó proxecto, a súa utilidade e funcionamento, a súa coincidencia coa xustificación documental e cantas comprobacións sexan necesarias en función dos investimentos ou gastos subvencionados.

No caso de obra civil ou execución material, o promotor deberá presentar as correspondentes certificacións de obra asinadas por técnico competente.

O beneficiario presentará no rexistro do GDR para xustificación documental dos investimentos ou gastos subvencionados, a seguinte documentación:

- **Solicitud de pagamento.(modelo normalizado).**
- **Facturas orixinais ou documentos probatorios de valor equivalente.**

As facturas deberán reunir os seguintes requisitos:

1. Estarán perfectamente identificados tanto o proveedor/acredor como a Entidade solicitante, mediante nome fiscal, N.I.F. ou C.I.F., enderezo...
2. Data de emisión e número, que será anterior ó límite do prazo para a xustificación da inversión e posterior á da acta de non inicio ou da solicitude de axuda se é o caso.
3. Identificación dos bens ou servizos realizados, coincidentes cos correspondentes á inversión ou gastos aprobados, deberán estar desglosados e os conceptos descritos con claridade.

Xustificantes de Pago :

Os pagos realizaranse sempre a través de entidade financeira. Non se admitirán pagos en metálico.

Pagos a través de entidade financeira mediante:

- 1.- Cheques nominativo/s. Achegarase copia do documento mercantil na que conste que o dito efecto foi efectivamente cargado na conta do beneficiario.

2.-Transferencia bancaria. Vincularase o movemento coa factura do importe que se paga.

3.-Letras de cambio nas que o importe fose cargado na conta do promotor. Achegarase copia do documento mercantil.

4.-Xustificante bancario de ingreso na conta do proveedor, xunto coa retirada do mesmo importe na conta bancaria do beneficiario na mesma data.

Se presentará o extracto bancario que recolla o movemento de pago ao proveedor.

Os promotores poderá solicitar a Agader, certificacións parciais cando a contía do gasto xustificado en cada pagamento parcial supere o 25% do investimento aprobado ata o 80% do investimento. Non se concederán pagamentos parciais cando o orzamento aceptado sexa inferior a 30.000.-€.

Os promotores poderán solicitar a Agader, un anticipo equivalente, como máximo, ao 20% do importe da axuda pública. (Será obrigatorio presentar unha garantía bancaria equivalente ao 110% do importe anticipado).

Os pagamentos da axuda realizaranse sempre por transferencia bancaria, nunha conta única da que o promotor sexa titular.

10.-MODIFICACIÓNS DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN:

Os promotores beneficiarios das axudas deberán comunicar á asociación Mariñas-Betanzos" toda alteración das circunstancias tidas en conta na concesión da axuda e que poida dar lugar á **modificación da resolución de concesión:**

► Cambios de titularidade.

► Cambios no proxecto, no orzamento ou no financiamento. Especialmente a obtención concorrente doutras subvencións ou axudas para o mesmo proxecto.

► Por ampliación do prazo de execución e xustificación.

CRITERIOS PARA A SELECCIÓN E PRIORIZACIÓN DE PROXECTOS

PROXECTOS DE CARÁCTER PRODUCTIVO

Todo proxecto ten que reunir os seguintes requisitos:

- 1.-Carácter innovador.
- 2.-Viabilidade. O proxecto terá que ser viable técnica, económica, ambiental e financieramente.
- 3.-Adecuación do proxecto á estratexia do programa de desenvolvemento da Asociación Mariñas-Betanzos.

CRITERIOS	PUNTUACIÓN
1. Ubicación xeográfica:	Máximo 40 Puntos
1.1. Características económicas do Concello	(Máximo 10 puntos)
Tómase como referencia o IMRPF (Indicador municipal de renda dos fogares) de 2002.	
1.1.1: Concellos con IMRPF < ou igual a 90% (Aranga, Cesuras, Irixoa).	10
1.1.2: Concellos con IMRPF > ao 90% e menor ou igual ao 93% (Miño, Abegondo).	8
1.1.3: Concellos con IMRPF > ao 93% e menor ou igual ao 97% (Coirós, Oza dos Ríos, Paderne).	6
1.1.4: Concellos con IMRPF > ao 97% e menor ou igual ao 100% (Carral, Bergondo, Arteixo)	4
1.1.5: Concellos con IMRPF superior á media galega (Betanzos, Cambre, Culleredo, Oleiros, Sada)	0
1.2. Características demográficas do Concello	(Máximo 10 puntos)
A.-Densidade de poboación do ano 2007	(Máximo 5 puntos)
1.2.1: Concellos cunha densidade de poboación no ano 2007 igual ou inferior ao 50% da media galega (Aranga, Cesuras, Coirós, Irixoa, Oza dos Ríos)	5 (Acumulable)
1.2.2: Concellos cunha densidade de poboación no ano 2007 entre o 51% e o 100% da media galega (Abegondo, Paderne)	4 (Acumulable)
1.2.3: Concellos cunha densidade de poboación no ano 2007 entre o 101% e o 200 % da media galega (Carral, Miño)	3 (Acumulable)
1.2.4: Concellos cunha densidade de poboación no ano 2007 entre o 201% e o 300 % da media galega (Bergondo)	2 (Acumulable)
B.-Taxa de paro (Censo 2001).	(Máximo 5 puntos)
1.2.1: Concellos cunha taxa de paro inferior ao 9% según o IGE (censo 2001) (Aranga, Carral, Paderne).	2 (Acumulable)
1.2.2: Concellos cunha taxa de paro igual ou superior ao 9% e inferior ao 10% según o IGE (censo 2001) (Oza dos Ríos)	3 (Acumulable)
1.2.3: Concellos cunha taxa de paro igual ou superior ao 10% e inferior ao 12% según o IGE (censo 2001) (Bergondo, Betanzos, Cambre, Cesuras, Culleredo, Irixoa)	4 (Acumulable)
1.2.4: Concellos cunha taxa de paro igual ou superior ao 12% según o IGE (censo 2001) (Abegondo, Arteixo, Coirós, Miño, Oleiros, Sada).	5 (Acumulable)
1.3. Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto	(Máximo 10 puntos)
Tómase como referencia o Nomenclator de Galicia do ano 2007	
1.3.1: Núcleos cunha poboación inferior ou igual a 500 persoas	10
1.3.2: Núcleos cunha poboación superior a 500 e igual ou inferior a 1.500 persoas	8
1.3.3: Núcleos cunha poboación superior a 1.500 e inferior a 2.500 persoas	6
1.3.4: Núcleos cunha poboación igual e superior a 2.500 persoas	0
1.4. Outros criterios xeográficos	(Máximo 10 puntos)
1.4.1: Proxecto desenvolvido en concellos que non participan no GAC (Grupo de Acción Costeira) (Abegondo, Aranga, Betanzos, Coirós, Irixoa, Carral, Cesuras, Oza de los Ríos)	5 (acumulables)
1.4.2: Proxecto desenvolvido en zonas de montaña ou desfavorecidas (Coiros, Aranga, Irixoa)	5 (acumulables)

1.4.3: Proxecto desenvolvido en espazo natural protexido cunha figura de protección	5 (acumulables)
1.4.4: Proxecto desenvolvido nun Concello incluído nunha zona do Plan de Reequilibrio territorial Galicia (Abegondo, Aranga, Betanzos, Cesuras, Coirós, Irixoa, Oza dos Ríos, Paderne)	5 (acumulables)
2. Características do promotor do proxecto:	Máximo 10 puntos
2.1: Proxecto promovido por unha muller ou por unha entidade onde polo menos o 50% de socios/as son mulleres.	5 (Non acumulables)
2.2: Proxecto promovido por unha persoa xoven ou por unha entidade onde polo menos o 50% dos socios/as son xóvenes (menores de 40 anos).	5 (Non acumulables)
2.3: Proxecto promovido por unha persoa con discapacidade ou por unha entidade onde o 25% dos socios/as son persoas con discapacidade	5 (Non acumulables)
2.4: Proxecto promovido por persoas inmigrantes ou por unha entidade onde máis do 25% de socios/as sexan inmigrantes	5 (Non acumulables)
2.5: Proxecto promovido por unha persoa ou persoas integradas nalgún programa de reinserción social.	5 (Non acumulables)
2.6: Proxecto promovido por persoas maiores de 55 anos ou por entidades onde polo menos o 50% dos socios teñen mais 55 anos	5 (Non acumulables)
2.7: Compromiso do uso do idioma galego por parte da persoa/ promotora na execución e desenvolvemento do proxecto	5 (Acumulables)
3. Incidencia do emprego:	25 puntos
3.1. Por cada fracción de 0,25 empregos creados outorgase unha puntuación de 1,25 puntos (a puntuación máxima se acadará con 3 ou máis empregos).	15 (Acumulables)
3.2. Por cada fracción de 0,25 empregos creados en colectivos desfavorecidos outorgase unha puntuación de 1 punto (mulleres, mozos menores de 40 anos, discapacitados, inmigrantes, maiores de 55 anos, parados de longa duración (máis de ano e medio apuntado no INEM)). (a puntuación máxima se acadará con 2,5 empregos)	10 (Acumulables)
4. Impacto sobre o territorio:	25 puntos
4.1. Capacidade de arrastre do proxecto	(Máximo 10 puntos)
4.1.1: Non existe a actividade económica do proxecto no concello (según I.A.E. municipal).	4 (Acumulables)
4.1.2: Utilización de insumos-proveedores do territorio na realización da inversión. (10 % mínimo). (Insumos: materias primas, produtos e servizos intermedios)	4 (Acumulables)
4.1.3: Iniciativa de nova creación (nova alta no IAE).	4 (Acumulables)
4.1.4: Por ser unha actividade agropecuaria ou de transformación agroindustrial.	4 (Acumulables)
4.2. Incidencia medioambiental	(Máximo 10 puntos)
4.2.1: O proxecto utiliza enerxías renovables e/ou técnicas eficientes de baixo consumo enerxético para a sustentabilidade medioambiental. Mellora a calidade ambiental a través da redución, reciclaxe e/ou reutilización de residuos xerados no territorio. (Acádase a puntuación co cumprimento dun só requisito).	10
4.2.2: O proxecto contribúe á prevención de incendios forestais. Recuperación de entornos degradados. Actuacións que contribúen a mellorar os recursos hídricos. (Acádase a puntuación co cumprimento dun só requisito).	5
4.3. Outros criterios relativos ao impacto sobre o territorio	(Máximo 5 puntos)
4.3.1: O proxecto encaixa dentro de máis de dúas liñas definidas na estratexia Leader.	5
4.3.2: O proxecto define un Plan de Igualdade na xestión empresarial do persoal.	5
4.3.3: Modernización da actividade creando un novo produto	5
Parques empresariais elixibles: Proxectos levados a cabo nos parques empresariais nun Concello incluído no Plan de Reequilibrio Territorial de Galicia (Abegondo, Aranga, Betanzos, Cesuras, Coiros, Irixoa, Oza, Paderne).	
Núcleos de poboación non elixibles: Arteixo (Arteixo, Vilarrodís, Oseiro, Meicende e Pastoriza). Culleredo (Acea de Ama, O Burgo, Fonteculler, Vilaboa). Miño (Miño). Oleiros (Porto de Santa Cruz, Perillo). Sada (Sada). Cambre (Cambre, A Barcala, O Graxal, O Temple).	

Cálculo dos traballadores da promotora de proxectos: UTA: nº de persoas que traballan na empresa a tempo completo durante o ano anterior á solicitude de axuda. Os traballadores a tempo parcial ou duración inferior a un ano cóntase como fraccións de UTA.

Creación de emprego: novos postos de traballo, fixos, eventuais, a tempo parcial ou a tempo completo. Mínimo 0,25 empregos (Obrigatorio só para proxectos de nova creación).

REGRA XERAL (Medidas 411 e 413)

Puntuación mínima (nota de corte): 30 puntos. Porcentaxe de axuda mínima: 25%

Puntuación máxima: 70 puntos. Porcentaxe de axuda máxima: 45%

Por cada punto a partires dos 30 puntos mínimos a axuda se incrementa nun 0,5%.

(A puntuación obtida se redondea nunha décima)

IMPORTE MÁXIMO DE AXUDA MEDIDA 411: 250.000 EUROS (200.000 euros por minimis)

IMPORTE MÁXIMO DE AXUDA MEDIDA 413: 200.000 EUROS

CASOS EXCEPCIONAIS (Na medida 411)

A- No sector agrario, cando o promotor é un agricultor non mozo e o proxecto se desenvolve fora das zonas desfavorecidas de montaña.

Puntuación mínima (nota de corte): 30 puntos. Porcentaxe de axuda mínima: 25%

Puntuación máxima: 60 puntos. Porcentaxe de axuda máxima: 40%

Por cada punto a partires dos 30 puntos mínimos a axuda se incrementa en un 0,5%.

B- No sector de transformación e comercialización de produtos agrarios. Cando o promotor considérase empresa intermedia.

Puntuación mínima (nota de corte): 30 puntos. Porcentaxe de axuda mínima: 15%

Puntuación máxima: 50 puntos. Porcentaxe de axuda máxima: 25%

Por cada punto a partires dos 30 puntos mínimos a axuda se incrementa en un 0,5%.

CRITERIOS PARA A SELECCIÓN E PRIORIZACIÓN DE PROXECTOS

PROXECTOS DE CARÁCTER NON PRODUCTIVO

PUNTUACIÓN

1. Ubicación xeográfica:

Máximo 40 Puntos

1.1. Características económicas do Concello

(Máximo 10 puntos)

Tómase como referencia o IMRPF (Indicador municipal de renda dos fogares) de 2002

1.1.1: Concellos con IMRPF < ou igual a 90% (Aranga, Cesuras, Irixoa) 10

1.1.2: Concellos con IMRPF > ao 90% e menor ou igual ao 93% (Miño, Abegondo) 8

1.1.3: Concellos con IMRPF > ao 93% e menor ou igual ao 97% (Coirós, Oza dos Ríos, Paderne) 6

1.1.4: Concellos con IMRPF > ao 97% e menor ou igual ao 100% (Carbal, Bergondo, 4

Arteixo)	
1.1.5:Concellos con IMRPF superior á media galega (Betanzos, Cambre, Culleredo, Oleiros, Sada)	0
1.2. Características demográficas do Concello	(Máximo 10 puntos)
A.-Densidade de poboación do ano 2007	(Máximo 5 puntos)
1.2.1: Concellos cunha densidade de poboación no ano 2007 igual ou inferior ao 50% da media galega (Aranga,Cesuras, Coirós, Irixoa, Oza dos Ríos)	5 (Acumulable)
1.2.2: Concellos cunha densidade de poboación no ano 2007 entre o 51% e o 100% da media galega (Abegondo, Paderne)	4 (Acumulable)
1.2.3: Concellos cunha densidade de poboación no ano 2007 entre o 101% e o 200 % da media galega (Carral, Miño)	3 (Acumulable)
1.2.4: Concellos cunha densidade de poboación no ano 2007 entre o 201% e o 300 % da media galega (Bergondo)	2 (Acumulable)
B.-Taxa de paro (Censo 2001).	(Máximo 5 puntos)
1.2.1:Concellos cunha taxa de paro inferior ao 9% según o IGE (censo 2001) (Aranga, Carral, Paderne).	2 (Acumulable)
1.2.2:Concellos cunha taxa de paro igual ou superior ao 9% e inferior ao 10% según o IGE (censo 2001) (Oza dos Ríos)	3 (Acumulable)
1.2.3:Concellos cunha taxa de paro igual ou superior ao 10% e inferior ao 12% según o IGE (censo 2001) (Bergondo, Betanzos,Cambre, Cesuras, Culleredo, Irixoa)	4 (Acumulable)
1.2.4:Concellos cunha taxa de paro igual ou superior ao 12% según o IGE (censo 2001). (Abegondo, Arteixo,Coirós,Miño, Oleiros, Sada).	5 (Acumulable)
1.3. Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto	(Máximo 10 puntos)
Tómase como referencia o Nomenclator de Galicia do ano 2007	
1.3.1: Núcleos cunha poboación inferior ou igual a 500 persoas	10
1.3.2: Núcleos cunha poboación superior a 500 e igual ou inferior a 1.500 persoas	8
1.3.3: Núcleos cunha poboación superior a 1.500 e inferior a 2.500 persoas	6
1.3.4: Núcleos cunha poboación igual e superior a 2.500 persoas	0
1.4. Outros criterios xeográficos	(Máximo 10 puntos)
1.4.1: Proxecto desenvolvido en concellos que non participan no GAC (Grupo de Acción Costeira).(Abegondo, Aranga, Betanzos, Coirós, Irixoa, Carral, Cesuras, Oza de los Ríos)	5 (acumulables)
1.4.2: Proxecto desenvolvido en zonas de montaña ou desfavorecidas (Coirós, Aranga, Irixoa)	5 (acumulables)
1.4.3: Proxecto desenvolvido en espazo natural protexido cunha figura de protección.	5 (acumulables)
1.4.4: Proxecto desenvolvido nun Concello incluído nunha zona do Plan de Reequilibrio territorial Galicia (Abegondo, Aranga, Betanzos, Cesuras, Coirós, Irixoa, Oza dos Ríos, Paderne)	5 (acumulables)
2. Características do promotor do proxecto e ámbito de actuación do proxecto:	Máximo 20 puntos
2.1: Proxecto promovido por entes supramunicipais do ámbito de actuación, así como por entidades públicas ou privadas que promovan proxectos de ámbito supramunicipal.	15 (Non acumulables)

2.2: Proxecto participado por varias entidades do ámbito do GDR Mariñas-Betanzos e promovido por unha entidade do ámbito do GDR (Si máis do 50 % das entidades pertencen a colectivos desfavorecidos 15 puntos)	13 (Non acumulables)
2.3: Proxecto promovido por un concello ou unha Comunidade de Montes	10 (Non acumulables)
2.4. Compromiso do uso do idioma galego por parte da persoa/ promotora na execución e desenvolvemento do proxecto.	5 (Acumulables)

3. Impacto sobre o territorio:

Máximo 40 puntos

3.1 O proxecto utiliza enerxías renovables e/ou técnicas eficientes de baixo consumo enerxético para a sustentabilidade medioambiental. Mellora a calidade ambiental a través da redución, reciclaxe e/ ou reutilización de residuos xerados no territorio. (ac	20 (Acumulables)
3.2: O proxecto contribúe á prevención de incendios forestais. Recuperación de entornos degradados. Actuacións que contribúen a mellorar os recursos hídricos. (Acádase a puntuación co	15 (Acumulables)
3.3: O proxecto está dirixido a favorecer o emprego das mulleres, mozos menores 40 anos, discapacitados, inmigrantes, parados de longa duración (máis de ano e medio apuntado no INEM). O proxecto favorece a igualdade entre homes e mulleres (acádase a punt	20 (Acumulables)
3.4: O proxecto consite na prestación dun servizo á poboación para mellorar a calidade de vida	5 (Acumulables)
3.5. Por cada fracción de 0,25 empregos creados outorgase unha puntuación de 1,25 puntos. (a puntuación máxima se acadará con 3 ou máis empregos).	15 (Acumulables)
3.6: Utilización de insumos-proveedores do territorio do territorio na realización da inversión. (10 % mínimo).(Insumos: materias primas, produtos e servizos intermedios)	5 (Acumulables)
3.7: O proxecto encaixa dentro de máis dunha liña definidas na estratexia do GDR ou está relacionado co tema central da AUGA	10 (Acumulables)

Parques empresariais elixibles: Proxectos levados a cabo nos parques empresariais nun Concello incluído no Plan de Reequilibrio Territorial de Galicia (Abegondo, Aranga, Betanzos, Cesuras, Coirós, Irixoa, Oza dos Ríos, Paderne).

Núcleos de poboación non elixibles: Arteixo (Arteixo, Vilarrodís, Oseiro, Meicende e Pastoriza).Culleredo (Acea de Ama, O Burgo, Fonteculler, Vilaboa).Miño(Miño).Oleiros (Porto de Santa Cruz, Perillo). Sada (Sada).Cambre(Cambre, A Barcala,O Graxal, O Temp

Cálculo dos traballadores da promotora de proxectos: UTA: nº de persoas que traballan na empresa a tempo completo durante o ano anterior á solicitude de axuda. Os traballadores a tempo parcial ou duración inferior a un ano cóntase como fraccións de UTA.

Creación de emprego: novos postos de traballo, fixos, eventuais, a tempo parcial ou a tempo completo. Mínimo 0,25 empregos (Obrigatorio só para proxectos de nova creación).

REGRAS XERAIS (Medidas 412 e 413)

Proxectos non productivos de prioridade alta:

Servizos de igualdade e benestar á poboación (Centros de inclusión e emerxencia social, centros de integración, inserción ou inclusión socio laboral para discapacitados, escolas infantís, centros de maiores non dependentes (pisos tutelados, vivendas comun

Servizos de transporte adaptados en áreas de baixa densidade de poboación

Implantación TIC no rural (telecentros, aulas informática e plataf. dixitais de servizos a empresas e poboación en xeral

Accións supramunicipais (servizos aconsellamento empresarial; proxectos animación e fortalecemento asociación

Proxectos de planificación estratéxica comarcal (ordenación territorio, transporte, promoción económica, etc.)

Proxectos de apoio para o fomento da "cultura da innovación" no territorio

Proxectos relacionados coa recuperación biótica da AUGA

Puntuación mínima (nota de corte): 30 puntos. Porcentaxe de axuda mínima: 30%

Puntuación máxima: 90 puntos. Porcentaxe de axuda máxima: 100%

Por cada punto a partires dos 30 puntos mínimos a axuda se incrementa en un 1,166%.

Proxectos non productivos de prioridade media:

Actuacións de recuperación patrimonial paisaxística e etnográfica

Centros de promoción de recursos ou puntos de información turística

Rehabilitación e equipamento de edificios destinados a locais sociais

Puntuación mínima (nota de corte): 30 puntos. Porcentaxe de axuda mínima: 30%

Coa puntuación de: 64 puntos, obtense a porcentaxe de axuda máxima: 70%

Por cada punto a partires dos 30 puntos mínimos a axuda se incrementa en un 1,166%.

Outros proxectos non productivos:

Infraestructuras de lecer: Ludotecas, áreas recreativas, parques ou espazos de ocio.

Instalacións deportivas, en coordinación co mapa de dotacións da Dirección Xeral de Deportes.

Sinalización de recursos turísticos

Participación en certames, eventos, feiras, edición de libros, mapas, guías, páxinas web e concursos vinculados á valorización dos recursos do territorio.

Instalacións hípcas ou cinexéticas

Eventos de difusión ou estudos vinculados á valorización dos recursos do territorio

Puntuación mínima (nota de corte): 30 puntos. Porcentaxe de axuda mínima: 30%

Coa puntuación de: 47 puntos, obtense a porcentaxe de axuda máxima: 50%

Por cada punto a partires dos 30 puntos mínimos a axuda se incrementa en un 1,166%.

(A puntuación obtida se redondea nunha décima)

IMPORTE MÁXIMO DE AXUDA: 250.000 EUROS

ANEXO II
PROGRAMA LEADER GALICIA 2007-2013
PLAN FINANCIERO
GDR: ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL MARIÑAS-BETANZOS

Importes en Euros

MEDIDA	TIPO PROXECTOS	GASTO PÚBLICO DO PROGRAMA						
		2008	2009	2010	2011	2012	2013	TOTAL
411. Dinamización do sector agrario e forestal	Produtivos	77.215,44	150.830,26	151.887,61	158.459,35	157.435,46	155.985,24	851.813,36
412. Mellora medioambiental e do contorno rural	Non produtivos	46.329,26	90.498,16	91.132,56	95.075,61	94.461,28	93.591,14	511.088,02
413. Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida	Produtivos	154.430,88	301.660,53	303.775,22	316.918,70	314.870,93	311.970,47	1.703.626,73
	Non produtivos	30.886,18	60.332,11	60.755,04	63.383,74	62.974,19	62.394,09	340.725,35
	TOTAL	185.317,06	361.992,63	364.530,26	380.302,44	377.845,12	374.364,56	2.044.352,07
TOTAL ESTRATEXIA	Produtivos	231.646,32	452.490,79	455.662,82	475.378,06	472.306,39	467.955,71	2.655.440,08
	Non produtivos	77.215,44	150.830,26	151.887,61	158.459,35	157.435,46	155.985,24	851.813,36
	TOTAL	308.861,76	603.321,05	607.550,43	633.837,41	629.741,85	623.940,94	3.407.253,44
431 Gastos de funcionamento do GDR, adquisición de capacidades e promoción territorial	Funcionamento (1)	49.417,88	96.531,37	97.208,07	101.413,99	100.758,70	99.830,59	545.160,59
	Promoción	12.354,47	24.132,84	24.302,02	25.353,50	25.189,67	24.957,64	136.290,14
	TOTAL	61.772,35	120.664,21	121.510,09	126.767,48	125.948,37	124.788,19	681.450,73
TOTAL PROGRAMA		370.634,11	723.985,26	729.060,52	760.604,89	755.690,23	748.729,13	4.088.704,14
FEADER								2.353.458,11
AXE								875.761,67
XUNTA								859.484,36

(1) A submedida 431A aparece cunha dotación prevista máxima equivalente ao 16% dos fondos destinados á estratexia. Nas anualidades 2008 e 2009 o GDR disporá do total da dotación prevista. Segundo se recolle no capítulo VII das bases reguladoras de selección de programas, para as anualidades 2010 a 2013 a dispoñibilidade inicial do GDR terá un importe equivalente ao 12% dos fondos da estratexia e en función do proceso de avaliación do traballo do grupo poderá autorizarse unha porcentaxe superior ao 12% inicialmente previsto, sempre co tope do 16%.